

[Portada](#) [Dirección Xeral](#) [PEGSI](#) [Recursos](#) [Actualidade](#) [Iniciativas](#) [RSS](#)
[Buscador](#)[Noticias](#)[Axenda](#)[Dossieres](#)[Experiencias](#)[Día Mundial](#)[Entrevistas](#)[Opinión](#)[Subscripción](#)

PÓRTICO ESTÁ DESENVOLVIDO POLAS TRES INSTITUCIÓNS, BUGALICIA E INNOVACIÓN E INDUSTRIA

As universidades lanzan un portal unificado de acceso aos seus recursos de información

20/04/2009 - As tres universidades do país, unidas a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias (Bugalicia), co financiamento da Consellaría de Innovación e Industria, puxeron en marcha un servizo unificado de busca simultánea e recuperación de información. A través da plataforma Pórtico poderase acceder aos recursos de Bugalicia e de cada unha das tres universidades.



Ese metabuscador será a principal ferramenta do portal, mais non a única. A través do motor poderase acceder a revistas, libros, bases de datos, catálogos bibliográficos, teses, patentes, normas, enciclopedias e dicionarios electrónicos, ademais de prensa dixital ou boletíns oficiais. Bugalicia destaca, ademais, polos seus recursos de información científica, con arredor de 20.500 revistas electrónicas, 4 mil e-books, case 50 bases de datos con acceso a milleiros de publicacións íntegras e máis de 10.500 actas de congresos ou normas, de consulta indispensable nas enxeñarías.

Outros servizos adicionais integrados na plataforma son o xestor de ligazóns SFX, que xera dinamicamente enlaces entre os compoñentes da biblioteca dixital. Esta ferramenta permite obter o texto completo -sempre que estea dispoñíbel- despois da busca e comprobar se a biblioteca dispón dunha copia impresa. Facilita, ademais, a solicitude do exemplar a través do servizo de empréstito interbibliotecario.

Pero a principal virtude de Pórtico é que permite acceder dentro dun mesmo menú a servizos que antes dispoñían de diferentes páxinas web. Aínda así, Pórtico nace para complementar e achegar valor engadido, non para substituír as diferentes plataformas especializadas.

Ao día

A implantación de Pórtico permite que todas as bibliotecas universitarias de Galiza se manteñan ao día na implantación das novas tecnoloxías da información para fornecer os servizos bibliotecarios que se prestan a toda a comunidade universitaria, para os cales o acceso electrónico á información nas mellores condicións é vital para as súas actividades científicas, docentes e de formación.



Noticias relacionadas:

Bugalicia investirá case cinco millóns en dotarse de recursos electrónicos de información científica

As bibliotecas universitarias iniciáronse no uso das ferramentas da web 2.0

Máis noticias

Voluntarios levarán a TDT ás persoas con risco de sufrir a fractura dixital

Case o 17% da poboación fixo compras por internet en 2008

Agestic promoverá por todo o país o uso seguro da internet entre a xente nova

A Wi-Fi municipal de Cerceda inicia a súa andaina definitiva

Pontevedra podería introducir o voto electrónico nas eleccións europeas

[Voltar](#)